

folia
axitativa
de isca!

nº67

rebatar

www.iscagz.org
info@iscagz.org



loitamos

10 de marzo

Día da Clase

Obreira Galega

para que quen todo o produce
teña todo o poder

Marzo, do latín Martius era o mes dedicado ao deus romano da Guerra. Hoxe queremos facer memoria dalgunhas das batallas libradas polo Proletariado .

En 1910 foi aprobado que o día 8 de marzo pasara a ser o Día da Muller Traballadora por proposta de Clara Zetkin.

Sete anos despois, as mulleres rusas encabezadas polas operarias do textil de S. Petersburgo amotináronse ese día ante a falta de alimentos, Alexandra Kollontai dixo que “Nese día a muller rusa levantou a bandeira da revolución proletaria (...). A revolución de febreiro acabara de comezar”.

Na Galiza os días 8 e 9 de marzo de 1918 comezaba a Revolta das Pedradas, tamén encabezada polas mulleres do téxtil dos concellos de Narón e Neda , na comarca de Ferrolterra; unha revolta que mobilizaría a toda a Comarca e que este ano lembramos no seu centenario.

En marzo de 1972 as mulleres tamén tiveron un papel vital en Ferrolterra, nuns sucesos que comezaron tras a asemblea do 8 de Marzo para esixir un Convenio Provincial(Galego) para Bazán; en contra do convenio firmado a nivel Interprovincial(Español) coa colaboración do Sindicato Vertical franquista(sindicato proréxime, pactista).

As protestas de 1917 en Rusia e 1918 e 1972 na Galiza tiveron a mesma reacción por parte do Capital, a represión protagonizada polos Corpos de Seguridade do Estado. Tamén foi en marzo de 1976 cando a policía franquista masacraba ás obreiras en Gasteiz (Euskal Herria) seguindo as ordes de Manuel Fraga.

No 2018 a represión e a violencia de estado continúan a ser unha realidade e témoslles que facer fronte mediante a solidariedade e organización. Neste novo século a loita de clases é máis necesaria ca nunca para que as obreiras poidamos vivir cun mínimo de dignidade.

Hoxe as mozas, como parte da clase obreira, saímos a rúa. Berramos co puño pechado e sen esquecermos das que foron e son: asasinadas, encarceradas ou multadas por loitar por un mundo máis xusto.

*Compañeiras a loita continúa!
Viva a Clase Obreira Galega!*

folia
axitativa
de isca!

nº67

rebatar

www.iscagz.org
info@iscagz.org



loitamos

10 de marzo

Día da Clase

Obreira Galega

para que quen todo o produce
teña todo o poder

Marzo, do latín Martius era o mes dedicado ao deus romano da Guerra. Hoxe queremos facer memoria dalgunhas das batallas libradas polo Proletariado .

En 1910 foi aprobado que o día 8 de marzo pasara a ser o Día da Muller Traballadora por proposta de Clara Zetkin.

Sete anos despois, as mulleres rusas encabezadas polas operarias do textil de S. Petersburgo amotináronse ese día ante a falta de alimentos, Alexandra Kollontai dixo que “Nese día a muller rusa levantou a bandeira da revolución proletaria (...). A revolución de febreiro acabara de comezar”.

Na Galiza os días 8 e 9 de marzo de 1918 comezaba a Revolta das Pedradas, tamén encabezada polas mulleres do téxtil dos concellos de Narón e Neda , na comarca de Ferrolterra; unha revolta que mobilizaría a toda a Comarca e que este ano lembramos no seu centenario.

En marzo de 1972 as mulleres tamén tiveron un papel vital en Ferrolterra, nuns sucesos que comezaron tras a asemblea do 8 de Marzo para esixir un Convenio Provincial(Galego) para Bazán; en contra do convenio firmado a nivel Interprovincial(Español) coa colaboración do Sindicato Vertical franquista(sindicato proréxime, pactista).

As protestas de 1917 en Rusia e 1918 e 1972 na Galiza tiveron a mesma reacción por parte do Capital, a represión protagonizada polos Corpos de Seguridade do Estado. Tamén foi en marzo de 1976 cando a policía franquista masacraba ás obreiras en Gasteiz (Euskal Herria) seguindo as ordes de Manuel Fraga.

No 2018 a represión e a violencia de estado continúan a ser unha realidade e témoslles que facer fronte mediante a solidariedade e organización. Neste novo século a loita de clases é máis necesaria ca nunca para que as obreiras poidamos vivir cun mínimo de dignidade.

Hoxe as mozas, como parte da clase obreira, saímos a rúa. Berramos co puño pechado e sen esquecermos das que foron e son: asasinadas, encarceradas ou multadas por loitar por un mundo máis xusto.

*Compañeiras a loita continúa!
Viva a Clase Obreira Galega!*